



CONCELLO DE LOBEIRA  
Travesía Toural, núm. 4  
32850 – LOBEIRA (Ourense)  
Teléfono: 988.458.513 – Fax: 988.45.90.03  
[lobeira.lobeira@eidolocal.es](mailto:lobeira.lobeira@eidolocal.es)

**BASES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DUN ADMINISTRATIVO, ADXUNTO Á ADMINISTRACIÓN XERAL DO CONCELLO DE LOBEIRA, LABORAL TEMPORAL, ATA O 31 DE DECEMBRO DE 2016.-**

Por Resolución da Alcaldía de data 31 de marzo de 2016, acordouse aprobar as Bases e convocar o procedemento selectivo para a contratación laboral temporal, como contrato de servizo determinado a xornada completa dun/dunha administrativo/a adxunto á Administración Xeral do Concello, xustificando en ditas bases a necesidade da contratación.-

**INDICE:**

- Artigo 1. Obxecto da convocatoria
- Artigo 2. Sistema de Selección.
- Artigo 3. Requisitos dos/as aspirantes.
- Artigo 4. Presentación de solicitudes.
- Artigo 5. Reclamacións. Subsanción ou emenda de erros.
- Artigo 6. Tribunal cualificador.
- Artigo 7. Resolución da convocatoria.
- DISPOSICIÓN ADICIONAL
- DISPOSICIÓN FINAL.
- ANEXO I.- TEMARIO
- ANEXO II.- MODELO DE SOLICITUDE
- ANEXO III.- DECLARACIÓN XURADA.



CONCELLO DE LOBEIRA  
Travesía Toural, núm. 4  
32850 – LOBEIRA (Ourense)  
Teléfono: 988.458.513 – Fax: 988.45.90.03  
[lobeira.lobeira@eidolocal.es](mailto:lobeira.lobeira@eidolocal.es)

Texto íntegro das Bases:

### **Artigo 1. OBXECTO DA CONVOCATORIA**

É obxecto desta convocatoria a contratación laboral temporal, a xornada completa e por un período de oito (8) meses, dun/dunha traballador/a para a ocupación de administrativo adxunto á Administración Xeral do Concello, e unha retribución de mil seiscentos setenta e seis euros con cincuenta céntimos de euro (1.676,50) €, incluíndo a parte proporcional das pagas extraordinarias e demais complementos salariais, suxeitaranse ao previsto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores e demais disposicións de aplicación.-

O contrato formalizarase baixo a fórmula de servizo determinado, a xornada completa, en horario de mañá de luns a venres, sendo contratado o/a profesional que resulte seleccionado/a no Grupo de Cotización 5, sendo a súa retribución bruta de 1.676,50 € mes.-

A duración do contrato será ata o 31 de decembro de 2016, cesando nese momento e a tódolos efectos a relación laboral co Concello.-

### **Artigo 2. SISTEMA DE SELECCIÓN.**

Probas selectivas:

1.- Serán tres probas de carácter obrigatorio, sendo eliminatorias as dúas probas escritas. A duración de cada proba será de 1 hora e media, como máximo. A puntuación máxima de cada proba será de 10 puntos, quedara eliminado o aspirante que non obteña en cada unha das probas a puntuación mínima de 5 puntos.-

a).- Primeiro exercicio.- Exercicio Test:

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario de cincuenta (50) preguntas tipo test, con catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, (que será o resultante do sorteo entre tres cuestionarios elaborados previamente por este e correspondentes ao contido do programa). O tempo máximo de duración será de unha hora e trinta minutos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 5 puntos. Terase en conta que por cada resposta incorrecta descontarase unha correcta.-

b).- Segundo exercicio.- Tema escrito:

Consistirá no desenrolo dun tema (de tres propostos polo Tribunal), referido ás materias contempladas no temario.-

c).- Entrevista: Máximo 5 puntos.-

A entrevista versará sobre os méritos específicos adecuados ás características do posto. Na entrevista valorarase a dispoñibilidade e responsabilidade que comporta o desempeño do posto de traballo e a súa capacidade de traballo en equipo, etc..

Entre a celebración de cada exercicio deberá de transcorrer un mínimo de 72 horas, salvo renuncia expresa dos participantes no proceso selectivo.-



CONCELLO DE LOBEIRA  
Travesía Toural, núm. 4  
32850 – LOBEIRA (Ourense)  
Teléfono: 988.458.513 – Fax: 988.45.90.03  
[lobeira.lobeira@eidolocal.es](mailto:lobeira.lobeira@eidolocal.es)

## 2.-COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

O artigo 35 da Lei 2/2009, de 23 de xullo, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, establece: “...nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das Entidades Locais de Galicia incluírase un exame de galego agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente...”

En cumprimento do sinalado os aspirantes deberán realizar unha proba que consistirá na tradución directa dun texto elixido polo tribunal do castelán ao galego sen axuda de diccionario nun tempo máximo de 30 minutos. Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten, antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes, posuír o Celga 3 ou estudos equivalentes.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio, cualificándose como Apto ou non Apto.-

### **Artigo 3. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

Para participar nesta convocatoria, os/as aspirantes deberán reunir na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

1. Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, permita o acceso ao emprego público como persoal laboral.
2. Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
3. Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
4. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin que fora sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.



CONCELLO DE LOBEIRA  
Travesía Toural, núm. 4  
32850 – LOBEIRA (Ourense)  
Teléfono: 988.458.513 – Fax: 988.45.90.03  
[lobeira.lobeira@eidolocal.es](mailto:lobeira.lobeira@eidolocal.es)

5. Estar en posesión do título de Bacharel ou equivalente, ou en condicións de obtelo na data de finalización do prazo de admisión de instancias.
6. Non estar afecto/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.-

#### **Artigo 4. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

1. As instancias solicitando participar no proceso selectivo presentaranse no modelo oficial facilitado polo Concello de LOBEIRA, no Rexistro Xeral do Concello, de acordo co preceptuado no artigo 38.4 da Lei 30/1992 do 26 de novembro Reguladora do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, durante o prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, na Páxina Web e no Taboleiro de Anuncios do Concello, sendo o horario de presentación da documentación o seguinte:

- de luns a venres: de 9:00 a 14:00 horas.

De non presentarse as solicitudes no Rexistro Xeral, e facelo os/as interesados/as, dentro do prazo de presentación de solicitudes, remitirán por fax ao Concello (nº 988 – 459003), a comunicación da presentación da solicitude por algún dos medios previstos no referido artigo 38.4 da Lei 30/1992.

2. O modelo de solicitude figura como Anexo número II das presentes Bases.

Todos os anuncios sucesivos serán publicados, exclusivamente, no Taboleiro de Anuncios e na páxina Web deste Concello.

#### **Artigo 5. RECLAMACIÓN. SUBSANACIÓN OU EMENDA DE ERROS.**

1. Publicada a lista de aspirantes no Taboleiro de Anuncios e na páxina Web deste Concello, os/as aspirantes poderán presentar reclamacións ás mesmas, en todo caso por escrito, constando a descrición precisa da reclamación e achegando a documentación en que se fundamente.

2. As reclamacións deberán ser rexistradas e presentadas de idéntica forma que as solicitudes.

3. Non caben reclamacións para a falta de documentación non achegada no seu momento.



CONCELLO DE LOBEIRA  
Travesía Toural, núm. 4  
32850 – LOBEIRA (Ourense)  
Teléfono: 988.458.513 – Fax: 988.45.90.03  
[lobeira.lobeira@eidolocal.es](mailto:lobeira.lobeira@eidolocal.es)

4. Dada a urxencia das contratacións o prazo de presentación de reclamacións será de dous días hábiles a partir do día seguinte á publicación da lista de aspirantes e mailo tribunal de cada proba no Taboleiro de Anuncios e na páxina Web do Concello de LOBEIRA, a través dos medios establecidos no artigo 4.-

5. Rematado o prazo de reclamación e/ou de emenda de erros, o Sr. Alcalde dictará unha resolución aprobando a listaxe de admitidos e excluídos definitiva, fixando a data da celebración das probas que se publicará no Taboleiro de Anuncios e na páxina Web do Concello, cunha antelación de dous días.-

No caso de non presentarse reclamacións polos/as aspirantes excluídos/as (de existir) a lista publicada terá carácter definitivo.

#### **Artigo 6. TRIBUNAL CUALIFICADOR:**

1. O Tribunal Cualificador para o posto de traballo de “Administrativo adxunto á Administración Xeral do Concello”; estará integrado polos seguintes membros:

##### **Tribunal titular:**

Presidente: D. Santiago Mansilla Vázquez, Secretario do Concello de Lobeira  
Secretaría: Dona Ana María Antúnez Pérez, Funcionaria do Concello de Muíños.-  
Vogais: Dona María Isabel Colmenero Veloso, Secretaria do Concello de San Ciprián de Viñas  
Dona María del Carmen García Pérez, Secretaria do Concello de Sarreaus.-  
Dona Cristina Villarino Cuquejo, Secretaria do Concello de Trasmiras.-

##### **Tribunal suplente:**

Presidente: Don José Manuel González Trigás, Secretario do Concello de A Peroxa.-  
Secretaría: Dona Ana Alonso Blanco, Interventora do Concello de O Barco.-  
Vogais: Dona María Concepción Fernández Novoa Valladares, Secretaria do Concello de Vilamarín.-  
Dona Rosa Pena Seoane, Funcionaria do Concello de Muíños.-  
Don Antonio Candal Caridad, Secretario do Concello de Dozón

O Tribunal Cualificador está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.



CONCELLO DE LOBEIRA  
Travesía Toural, núm. 4  
32850 – LOBEIRA (Ourense)  
Teléfono: 988.458.513 – Fax: 988.45.90.03  
[lobeira.lobeira@eidolocal.es](mailto:lobeira.lobeira@eidolocal.es)

O Tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros, sendo imprescindible, en todo caso, a asistencia do presidente e do/a secretario/a, titular ou suplente.

O réxime xurídico aplicable aos Tribunais de selección será o que se establece para os órganos colexiados no título II, capítulo II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que efectuase o seu nomeamento, cando concorran neles algunhas das causas previstas no artigo 28 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

#### **Artigo 7. RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA.**

Unha vez concluído o proceso de selección, o Tribunal publicará a relación de candidatos/as para o posto de traballo, pola orde de puntuación acadada, con indicación da cualificación obtida, así como do documento nacional de identidade, elevando dita proposta ao Alcalde.

O Alcalde dictará resolución, aprobando a selección, en réxime de persoal laboral, de acordo coa orde de puntuación obtida no proceso selectivo, para os efectos da súa contratación temporal.

A dita resolución publicarase no Taboleiro de Anuncios e na Páxina Web do Concello.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

En caso de que durante o exercicio 2017, permaneceran as circunstancias do servizo que xustificaron o procedemento selectivo o Concello poderá prorrogar o contrato durante 3 meses, sempre que se atope aprobado o orzamento municipal do correspondente exercicio presupuestario e non supoña aumento da masa salarial. Igualmente poderase prorrogar o contrato si durante a vixencia do mesmo o Concello contase con subvención ou convenio que dotase a totalidade do mesmo, durante o prazo que resulte do contido da subvención ou convenio, coa data límite do 31.12.2017.-



CONCELLO DE LOBEIRA  
Travesía Toural, núm. 4  
32850 – LOBEIRA (Ourense)  
Teléfono: 988.458.513 – Fax: 988.45.90.03  
[lobeira.lobeira@eidolocal.es](mailto:lobeira.lobeira@eidolocal.es)

## DISPOSICIÓN FINAL.

As presentes Bases entrarán en vigor ao día seguinte da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

O que se fai público para xeneral coñecemento. LOBEIRA, a 31 de marzo de 2016.-

O Alcalde,

**Asdo. Antonio Iglesias Álvarez.-**





CONCELLO DE LOBEIRA  
Travesía Toural, núm. 4  
32850 – LOBEIRA (Ourense)  
Teléfono: 988.458.513 – Fax: 988.45.90.03  
[lobeira.lobeira@eidolocal.es](mailto:lobeira.lobeira@eidolocal.es)

## **ANEXO I) TEMARIO:**

### *TEMARIO:*

#### Tema 1

A Constitución Española de 1978. Principios Xerais. O procedemento de reforma constitucional. Os dereitos fundamentais.

#### Tema 2

A Coroa. As Cortes Xerais. Órganos de control dependentes das Cortes Xerais: O Defensor do Pobo e o Tribunal de Contas.

#### Tema 3

O Estado Autonómico: principios, características. Os Estatutos de Autonomía de Galicia. Competencias da Comunidade Autónoma. O Goberno da Comunidade Autónoma.

#### Tema 4

a Organización administrativa. Principios de actuación da administración Pública. Sometemento da Administración á Lei e ó dereito. Fontes de dereito Público.

#### Tema 5

O Acto Administrativo.

#### Tema 6

Os recursos administrativos, concepto e clases. Requisitos xerais dos recursos administrativos. Materia recorrible, lexitimación e órgano competente. Recurso de alzada e de revisión.

#### Tema 7

O procedemento administrativo. Concepto e natureza. A Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común: ámbito de aplicación e principios informadores. O procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e terminación. O silencio administrativo.

#### Tema 8

O Réxime local español. Principio constitucional e regulamentación xurídica. A Administración Local: entidades que comprende.

#### Tema 9

O Municipio. O termo municipal. A poboación. O empadramento. Padróns de españois residentes no estranxeiro.

#### Tema 10

Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Réxime de sesións e acordos. Actas e certificacións de acordos. As resolucións do presidente da corporación.

#### Tema 11

Os contratos administrativos (1ª parte): Natureza, características e clases. Elementos: suxeitos, obxecto. Os contratos administrativos (2ª parte): Elementos: causa e forma. Formas de adxudicación dos contratos. Organización Administrativa, xestión e contratación.

#### Tema 12

O Estatuto Básico do Empregado Público.





CONCELLO DE LOBEIRA

Travesía Toural, núm. 4

32850 – LOBEIRA (Ourense)

Teléfono: 988.458.513 – Fax: 988.45.90.03

[lobeira.lobeira@eidolocal.es](mailto:lobeira.lobeira@eidolocal.es)

Tema 13

A responsabilidade civil, penal e administrativa das autoridades e funcionarios.

Tema 14

O rexistro de Entrada e Saída de documentos. Requisitos na presentación de documentos. Dereitos dos cidadáns nas súas relacións coa administración pública.

Dereito de acceso a arquivos e rexistros públicos. Clases de documentos.

Tema 15

O arquivo de documentos.

Tema 16

O Concello de Lobeira: Características, accidentes xeográficos, Corporación, etc. etc.



CONCELLO DE LOBEIRA  
Travesía Toural, núm. 4  
32850 – LOBEIRA (Ourense)  
Teléfono: 988.458.513 – Fax: 988.45.90.03  
[lobeira.lobeira@eidolocal.es](mailto:lobeira.lobeira@eidolocal.es)

**ANEXO II.- MODELO DE INSTANCIA.**

**A) DATOS DO SOLICITANTE.**

<b>NOME E APELIDOS:</b>			
<b>NIF / NIE Nº.:</b>		<b>NACIONALIDAD E:</b>	
<b>DOMICILIO NOTIFICACIÓNS:</b>			
<b>LOCALIDADE:</b>		<b>CÓDIGO POSTAL:</b>	
<b>PROVINCIA:</b>			
<b>TELÉFONO:</b>		<b>TELÉFONO MÓVIL:</b>	
<b>CORREO ELECTRÓNICO:</b>			

**EXPÓN:** Que informado da convocatoria efectuada polo Concello de LOBEIRA para a contratación temporal dun administrativo adxunto á Administración Xeral do Concello.-

**SOLICITA:** Que sexa admitido/a a tomar parte no procedemento, comprometéndose a someterse ás bases que o regulan.

**AUTORIZA:** Ao Concello de LOBEIRA para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión, no Taboleiro de Anuncios e na Páxina Web do Concello, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

**B) LUGAR, DATA E FIRMA.**

En LOBEIRA, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2016.

Asdo.: \_\_\_\_\_.



CONCELLO DE LOBEIRA

Travesía Toural, núm. 4

32850 - LOBEIRA (Ourense)

Teléfono: 988.458.513 - Fax: 988.45.90.03

[lobeira.lobeira@eidolocal.es](mailto:lobeira.lobeira@eidolocal.es)

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE LOBEIRA**

En cumprimento da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, se lle informa que os datos persoais facilitados se incorporan e manteñen nun ficheiro, titularidade do Concello de Lobeira, coa finalidade de xestionar todo o relacionado co expediente tramitado.



CONCELLO DE LOBEIRA  
Travesía Toural, núm. 4  
32850 – LOBEIRA (Ourense)  
Teléfono: 988.458.513 – Fax: 988.45.90.03  
[lobeira.lobeira@eidolocal.es](mailto:lobeira.lobeira@eidolocal.es)

### ANEXO III.- DECLARACIÓN XURADA.

D./D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_, con DNI núm.  
\_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificación en  
\_\_\_\_\_,

#### DECLARA

baixo xuramento ou promete, aos efectos de ser admitido no proceso selectivo para a cobertura dunha praza de administrativo adxunto á Administración Xeral do Concello, con carácter de contratación temporal:

- § non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas,
- § non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e
- § non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;
- § no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

En LOBEIRA, a      de      de 2016.  
O/A solicitante,

Asdo: \_\_\_\_\_.

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE LOBEIRA**